Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 30 DE ABRIL DE 2026 | JUEVES, 30 DE ABRIL DE 2026 | BOP NÚMERO 80

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### CORUÑA, A

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

**Extracto de la resolución de 22 de abril de 2026, del concejal delegado responsable del Área de Cultura y Turismo, por la que se convoca la XXXIX edición de Premios Prismas a la Divulgación Científica.**

**BDNS (Identif.): 901416**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/901416)

**Primero: Personas beneficiarias.**

Personas físicas o jurídicas que garanticen ser los legítimos autores o autoras de los trabajos presentados, que ostentan los derechos de propiedad intelectual requeridos para la presentación de los trabajos con todos sus elementos (noticias, artículos, reportajes o piezas informativas, imágenes, sonido, bandas sonoras, etc.) en el presente certamen, y que la presentación de estos no vulnera los derechos de terceros.

Los premios se entregarán a la persona física o representante que figure como candidato o candidata en la presentación de la solicitud de participación en la convocatoria.

**Segundo: Objeto**

Se concederán los Prismas de Bronce a los mejores trabajos de divulgación científica en las modalidades de vídeo, nuevos medios, proyecto de divulgación sobre el agua en el medio urbano, artículo periodístico, radio, proyectos singulares y libro editado. El jurado otorgará además un Prisma especial a personas físicas o jurídicas que se hayan significado por su especial contribución a la divulgación científica y que desarrollen su actividad en España.

**Tercero: Bases Reguladoras.**

Ordenanza Municipal de bases reguladoras generales para la concesión de subvenciones por el Ayuntamiento de A Coruña y sus organismos públicos, aprobada por el Excmo. Ayuntamiento en Pleno, en sesión de fecha 6 de junio de 2024 (BOP de A Coruña de 16/08/2024).

**Cuarto: Cuantía**

Un total de 24.000,00 € en premios distribuidos como sigue:

a) Modalidad “Prisma a vídeo”: un premio de 4.000,00 €

b) Modalidad “Prisma a Nuevos medios”: un premio de 4.000,00 €

c) Modalidad “Prisma a proyecto de divulgación sobre el agua en el medio urbano”: un premio de 4.000,00 €

d) Modalidad “Prisma a artículo periodístico”: un premio de 4.000,00 €

e) Modalidad “Prisma trabajo en radio”: un premio de 4.000,00 €

f) Modalidad “Prisma proyecto singular”: un premio de 4.000,00 €

g) Modalidad “Prisma a libro editado”: un prisma de bronce

h) Modalidad “Prisma especial del jurado”: un prisma de bronce

**Quinto: Plazo de presentación de solicitudes**

El periodo de entrega de trabajos para todas las modalidades permanecerá abierto desde el 1 de mayo hasta el 1 de junio de 2026, ambos inclusive.

**Sexto: Otros datos.**

Entrega de premios:

Número de anuncio 2026/2636

Los Prismas se entregarán en el transcurso de un acto que tendrá lugar en A Coruña el sábado 14 de noviembre de 2026.

Jurado:

los Prismas se otorgarán por votación de un Jurado de al menos cinco miembros, nombrados por Resolución del concejal de Cultura y Turismo por lo menos un mes antes del día de la entrega de premios, entre personas de reconocido prestigio en el campo de la divulgación científica, el periodismo científico o la enseñanza de las ciencias.

Organización:

La organización corre de cuenta de los Museos Científicos Coruñeses del Ayuntamiento de A Coruña. Un comité de selección ayudará a establecer los niveles mínimos de calidad en cada categoría y asistirá al Jurado cuando éste lo solicite.

A Coruña

22/4/2026

El concejal delegado responsable del Área de Cultura y Turismo, Gonzalo Henrique Castro Prado (p.d. Acuerdo de Junta de Gobierno Local de 4/7/2024 BOP núm 129 de 5/7/2024)

Número de anuncio 2026/2636

**Extracto da resolución do 22 de abril de 2026, do concelleiro delegado responsable da Área de Cultura e Turismo, pola que se convoca a XXXIX edición de Premios Prismas á Divulgación Científica**

**BDNS (Identif.): 901416**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/901416)

**Primeiro: Persoas Beneficiarias.**

Poderán ser candidatas as persoas físicas ou xurídicas participantes cando garantan que son os lexítimos autores ou autoras dos traballos presentados, que ostentan os dereitos de propiedade intelectual requiridos para a presentación dos traballos con todos os seus elementos (noticias, artigos, reportaxes ou pezas informativas, imaxes, son, bandas sonoras etc.) no presente certame, e que a presentación dos mesmos non vulnera os dereitos de terceiros.

Os premios entregaranse á persoa física ou representante que figure como candidato ou candidata na presentación da solicitude de participación na convocatoria.

**Segundo: Obxecto**

Concederanse os Prismas de Bronce aos mellores traballos de divulgación científica nas modalidades de vídeo, novos medios, proxecto de divulgación sobre a auga no medio urbano, artigo xornalístico, radio, proxectos singulares e libro editado. O xurado outorgará ademais un Prisma especial a persoas físicas ou xurídicas que se significaron pola súa especial contribución á divulgación científica e que desenvolvan a súa actividade en España.

**Terceiro: Bases Reguladoras.**

Ordenanza Municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña, aprobada polo Excmo. Concello en Pleno, en sesión de data 6 de xuño de 2024 (BOP da Coruña de 16/08/2024).

**Cuarto: Contía**

Un total de 24.000,00 € en premios distribuídos como segue:

a) Modalidade “Prisma a vídeo”: un premio de 4.000,00 €

b) Modalidade “Prisma a Novos medios”: un premio de 4.000,00 €

c) Modalidade “Prisma a proxecto de divulgación sobre a auga no medio urbano”: un premio de 4.000,00 €

d) Modalidade “Prisma a artigo xornalístico”: un premio de 4.000,00 €

e) Modalidade “Prisma traballo en radio”: un premio de 4.000,00 €

f) Modalidade “Prisma proxecto singular”: un premio de 4.000,00 €

g) Modalidade “Prisma a libro editado”: un prisma de bronce

h) Modalidade “Prisma especial do xurado”: un prisma de bronce

**Quinto: Prazo de presentación de solicitudes**

O periodo de entrega de traballos para todas as modalidades permanecerá aberto desde o 1 de maio ata o 1 de xuño de 2026, ambos inclusive.

**Sexto: Outros datos.**

Entrega de premios:

Os Prismas entregaranse no transcurso dun acto que terá lugar na Coruña o sábado 14 de novembro de 2026.

Xurado:

Os Prismas outorgaranse por votación dun Xurado de polo menos cinco membros, nomeados por Resolución do concelleiro de Cultura e Turismo polo menos un mes antes do día da entrega de premios, entre persoas de recoñecido prestixio no campoda divulgación científica, o xornalismo científico ou o ensino das ciencias.

Organización:

A organización corre de conta dos Museos Científicos Coruñeses do Concello da Coruña. Un comité de selección axudará a establecer os niveis mínimos de calidade en cada categoría e asistirá ao Xurado cando este o solicite.

A Coruña

22/4/2026

O Concelleiro delegado responsable da Área de Cultura e Turismo, Gonzalo Henrique Castro Prado (p.d. Acordo da Xunta de Goberno Local de 4/7/2024 BOP núm 129 de 5/7/2024)

2026/2636